CSIC
Consejo Superior de Investigaciones Científicas

incipit
Instituto de Ciencias del Patrimonio

Paula Ballesteros-Arias,
Alejandro Güimil-Fariña,
Elías López-Romero

Estudo arqueolóxico do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Prospección superficial e vulnerabilidade

CADERNOS de ARQUEOLOXÍA e PATRIMONIO

CAPA 33

CAPA 33

Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio

Estudo arqueolóxico do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Prospección superficial e vulnerabilidade

Paula Ballesteros-Arias, Alejandro Güimil-Fariña e Elías López-Romero

CSIC

incipit
Instituto de Ciencias del Patrimonio

Data de edición: abril 2013

CAPA 33

Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio

Consello de Redacción

César Parcero-Oubiña, Incipit - CSIC (director)
David Barreiro, Incipit - CSIC (secretario)
Yolanda Álvarez González, Terra Arqueos S.L.
Xosé-Lois Armada, Incipit - CSIC
María Luz Endere, Universidad Nacional del Centro de la Provincia de Buenos Aires - UNICEN
Silvia Fernández Cacho, Instituto Andaluz de Patrimonio
César González-Pérez, Incipit - CSIC
Ignasi Grau Mira, Universidad de Alicante
Pilar Prieto, Universidade de Santiago de Compostela

Consello Asesor

Jesús Bermúdez Sánchez, Comunidad de Madrid
Rebeca Blanco-Rotea, Incipit - CSIC
Manuela Costa-Casais, Incipit - CSIC
Fidel Méndez Fernández, Past S.L.N.E.
Maria Conceição Lopes, CEAUCP, Universidade de Coimbra
Elías López-Romero, Incipit - CSIC
Dorothy Noyes, The Ohio State University
Eugenio Rodríguez Puentes, Xunta de Galicia

Edita

Instituto de Ciencias del Patrimonio (Incipit)
Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

Enderezo de contacto

Instituto de Ciencias del Patrimonio
San Roque, 2
15704 Santiago de Compostela
Teléfono +34 981 547053
Fax +34 981 547104

E-mail: capa@incipit.csic.es
Web: www.incipit.csic.es

Depósito Legal: C 592-2013
ISSN: 1579-5349

TÁBOA DE CONTIDO

Táboa de Contido 5
Ficha Técnica 6
Presentación 7
Obxectivos da intervención 7
Contidos 8
Plantexamentos e obxectivos 8
Problemática arqueolóxica 8
Problemática patrimonial 10
Metodoloxía e Plano de Traballo 12
Metodoloxía 12
Descrición das diferentes fases de traballo 13
Resultados. Inventario das entidades culturais 14
Entidades documentadas antes do traballo de campo 14
Arquipélago de Ons 14
Arquipélago de Sálvora 15
Arquipélago de Cortegada 18
Vulnerabilidade do patrimonio litoral do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia 19
Introdución 19
Desenvolvemento do traballo 19
Síntese e Valoración dos resultados 23
Bibliografía 25
Táboas 27
Catálogo 29
Figuras 43
Cartografía 83
Apéndice I. Fichas de vulnerabilidade 93
Introdución 93
Fichas de entidades 93
Apéndice II. Valores numéricos de vulnerabilidade 99

Ficha Técnica

Autoría do texto

Paula Ballesteros-Arias
Alejandro Güimil-Fariña
Elías López-Romero

Dirección do proxecto

Paula Ballesteros-Arias

Dirección científica

Felipe Criado-Boado
Cristina Sánchez-Carretero

Equipo técnico

Elías López-Romero
Alejandro Güimil-Fariña
Marie-Yvonne Daire

Realización do Proxecto

Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit)

referencias administrativas

Estudo arqueolóxico do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atánticas de Galicia. Prospección superficial e vulnerabilidade.

Código do Proxecto da DXPA: CT 102A 2011/259-0

financiamento

Financiamento do proxecto: Plan Nacional I+D del Ministerio de Ciencia e Innovación. Proxecto: "Procesos de Formación e Cambio da Paisaxe Cultural do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia" (ref. HAR2010-22004)

Financiamento da edición: Incipit

 © CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

CAPA 33

Estudo arqueolóxico do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atánticas de Galicia. Prospección superficial e vulnerabilidade

Paula Ballesteros-Arias, Alejandro Güimil-Fariña e Elías López-Romero
Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) , Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)
San Roque, 2
Santiago de Compostela
Primeira edición

Resumo

O traballo que presentamos a continuación enmárcase dentro do proxecto denominado "Procesos de formación e cambio da paisaxe cultural do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia" (HAR2010-22004). Este estudo trata de profundar no coñecemento do espazo cultural a través da prospección arqueolóxica superficial, e de recoñecer as diferentes etapas crono-culturais que deron lugar á configuración actual deste espazo singular de illas.

O traballo organízase en tres grandes bloques. Na primeira descríbense os plantexamentos e obxectivos do estudo. A segunda parte contén a presentación da metodoloxía seguida ao longo do proxecto, o inventario das entidades culturais rexistradas e a súa valoración. Por último analízase a vulnerabilidade no contexto litoral dalgunhas das entidades documentadas nas illas, valorando, ao mesmo tempo, o seu estado de conservación.

Abstract

The work we present here is part of the project "Procesos de formación e cambio da paisaxe cultural do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia" (HAR2010-22004).
This study seeks to deepen the understanding of the cultural space through surface archaeological survey, and to recognize the different cultural chronological stages that led to the current configuration of this unique area of islands.

The text is organised into three sections. In the first one, the guidelines and objectives of the study are presented. In the second one, the methodology followed and the cultural assets identified through during the fieldwork are analysed and discussed. Finally, the vulnerability of several sites identified is discussed and evaluated in their coastal contex.

Palabras Chave

Arqueoloxía da Paisaxe, Prospección Superficial, Vulnerabilidade, Elementos Arqueolóxicos, Identificación, Rexistro.

Keywords

Landscape Archaeology, Surface Archaeological Survey, Vulnerability Analysis, Archaeological Sites, Identification, Record.

Presentación

O traballo aquí exposto parte do plantexamento dun programa de traballo de identificación, localización, rexistro e avaliación da vulnerabilidade do patrimonio arqueolóxico no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Presentamos os obxectivos da devandita actuación, a área de traballo, a metodoloxía a empregar e unha síntese dos documentos aos que dita actuación dou lugar. Neste sentido, realización deste traballo considerase fundamental para ter unha visión global dos elementos arqueolóxicos que hai nas illas, e do seu estado actual de conservación, ante a posibilidade de que poidan aparecer outros novos.

Este traballo enmárcase dentro do proxecto "Procesos de formación y cambio del paisaje cultural del Parque Nacional de las Islas Atlánticas de Galicia" (HAR2010-22004) do Plan Nacional I+D del Ministerio de Ciencia e Innovación (actual Ministerio de Economía e Competitividade, MINECO), (IP Cristina Sánchez-Carretero).

Obxectivos da intervención

O **obxectivo** básico da intervención foi o de abordar un traballo de campo de prospección superficial arqueolóxica e así obter unha catalogación fiable desta ampla zona a través das seguintes accións:

- **Identificación e localización** das entidades pertencentes ao patrimonio arqueolóxico e **valoración** da súa situación patrimonial. Mediante *prospección arqueolóxica* documentáronse todas aquelas entidades patrimoniais, non documentadas e revisáronse a situación patrimonial das xa catalogadas.
- **Caracterización e descrición** das entidades non localizadas ata o de agora, que poideran aparecer no transcurso do traballo de prospección.
- **Estudo da vulnerabilidade** das entidades coñecidas e localizadas na franxa litoral das illas.

Cumpre destacar que a pesar de que o estudo previo ao traballo de campo realizouse para todas as illas, como así damos conta neste texto, a actuación da prospección arqueolóxica e estudo de vulnerabilidade, unicamente puideron ser levados a cabo nos arquipélagos de Ons, Sálvora e Cortegada por mor dun amplo recorte orzamentario do proxecto no que este traballo se engloba.

Contidos

O presente estudo organízase en torno aos elementos documentados durante o traballo de campo mais, previamente, expóñense os condicionantes específicos do proxecto no que se enmarca, así como os plantexamentos teóricos e metodolóxicos que artellaron este traballo.

Este traballo organízase da seguinte maneira. En primeiro lugar descríbese a área de traballo, enfocada fundamentalmente cara á súa descrición xeográfica, climática, poboacional e patrimonial.

De seguido, se presenta a metodoloxía seguida ao longo deste proxecto, tanto á hora de procurar os datos da documentación previa ao traballo de campo, a organización do propio traballo de campo, o tratamento da información recollida e o desenvolvemento do traballo de gabinete que tivo lugar no marco desta actuación.

A continuación preséntase un amplo apartado correspondente ao inventario das entidades culturais rexistradas en cada unha das illas prospectadas xunto cunha valoración dos resultados.

Un cuarto apartado trata sobre a vulnerabilidade no contexto litoral dalgunhas das entidades documentadas nas illas, valorando, ao mesmo tempo, seu estado de conservación.

Finalmente, faise unha síntese global e unha valoración dos resultados.

De xeito complementario, ademais do listado onde se expoñen as diferentes fontes documentais e a bibliografía consultada, inclúese un apartado correspondente aos anexos onde se detalla a información complementaria que se adxunta ao traballo: catálogo, fotografías e láminas e mapas de situación.

PLANTEXAMENTOS E OBXECTIVOS

Problemática arqueolóxica

Descrición e caracterización da área

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia engloba aos arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada. A súa localización, fronte ás Rías Baixas, crea unha barreira natural ante o océano que acentúa o ambiente estuario das rías. No medio terrestre destacan os sistemas dunares, os cantís e os matos de toxo, xesta e urce.

Estas illas atópanse nas Rías Baixas, Cíes, Ons e Sálvora e sitúanse na entrada das rías de Vigo, Pontevedra e Arousa, respectivamente; e Cortegada no interior da ría de Arousa (Figura 1)[1].

A orixe das illas está relacionada coa orixe das rías e do relevo litoral do NW peninsular. A oroxenia hercínica transformou os sedimentos en rochas metamórficas e provocou ascensos sucesivos de magma que se ía solidificando lentamente no interior da codia e formando rochas graníticas. Estas últimas presentan máis pregamentos u orientación dos seus minerais que as formadas en épocas finais. A posterior erosión das rochas metamórficas deixa ao descuberto ás rochas graníticas (Blanco Chao e Cota-Casais 2001; Martínez-Cortizas e Costa-Casais 1997).

As illas Cíes e Ons son de formas alargadas e caracterizadas por unha morfoloxía oposta entre as súas caras leste e oeste; o leste caracterizado por un relevo baixo e abundancia de

[1] http://www.parquenacionalillasatlanticas.com/

 © CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

areais, o oeste con predominio de acantilados e enseadas de coídos. Esta morfoloxía condiciona tanto o desenvolvemento dos solos como das formacións vexetais ou os cultivos, sen esquecer as condicións microclimáticas que posibilitan o emprazamento dos lugares de poboamento (Vilas et al. 2005).

Concretamente o arquipélago de Cíes está formado por tres illas: a illa Norte ou de Monteagudo, a illa do Medio ou do Faro e a Illa Sur ou de San Martiño. As dúas primeiras atópanse unidas artificialmente por unha escollera. A zona máis alta está na zona N da illa de Monteagudo, no Alto das Cíes (197 m de altitude) ten unha superficie emerxida de 434 hectáreas (Figura 2).

O arquipélago de Ons está conformado polas illas de Ons e Onza ou Onceta (ao S), e os illotes de Centolo (ao N) e Freitosa (ao SW). A illa de Ons ten 6 km de longo por 1,5 de ancho e 414 hectáreas de superficie. Esténdese do N ao S, en posición perpendicular á ría de Pontevedra. A máxima elevación atópase no Alto do Cucorno, vértice xeodésico de 128 metros de altura, xusto onde se sitúa o faro (Figura 3 e Figura 4).

A illa de Sálvora ten unha contorna redondeada e plana, coroada por grandes rochas esféricas denominadas "bolos". Ocupa unha superficie de aproximadamente 190 Ha (2,5 km de largo e 1 de ancho). Case todo o perímetro da illa é zona rochosa, a excepción de tres areais. Ten 2 km de máxima anchura en dirección N-S. A súa costa é moi accidentada, sendo as súas principais alturas os altos de Milreu e As Galleiras (71 m). A este arquipélago pertencen os illotes de Noro, Sagres, Vionta e Hervosa ademais de outros de menor tamaño. Na actualidade, a illa de Sálvora forma parte da parroquia de Aguiño (concello de Riveira), creada no ano 1959. Anteriormente a illa dependía da parroquia de Carreira, a que fora durante moitos séculos a parroquia máis poboada e rica da comarca, así como a máis antiga. Foi propiedade privada, do marqués de Revilla ata momentos recentes cando pasou a formar parte do Parque Nacional (Figura 5).

Cortegada está no interior da ría e presenta un relevo baixo e unha contorna de areais e planicies rochosas. Atópase preto do estuario do río Ulla na ría de Arousa, fronte ás costas de Carril, no concello de Vilagarcía de Arousa. A este arquipélago pertencen a illa de Cortegada, outros grupos de illas, coma as illas Malveiras ou as illas Briñas. Únese á terra na baixamar pola zona de O Bao, existindo entre a illa e a costa toda unha área de viveiros de marisco. Ten unha extensión de 5 ha con algunhas praias e dous pequenos outeiros de pouco máis de 20 m de altura cubertos por unha abundante vexetación. Aquí atópase o maior bosque de loureiros da Península Ibérica, ademais de piñeiros e outras especies (Figura 6).

Desde o punto de vista climático, estes arquipélagos participan das condicións que caracterizan ás Rías Baixas: o oceánico húmido con tendencias á aridez estival, temperaturas medias próximas aos 14°C, precipitacións que se aproximan aos 1.500 mm anuais e unha oscilación térmica en torno aos 11°C.

Desde o punto de vista poboacional, Ons é a única illa que se atopa habitada. Na actualidade en Ons habitan de forma permanente algo menos dunha decena de persoas que viven, en parte, da agricultura e da pesca máis tradicional. O resto das illas deixaron de estar habitadas ao longo do século XX, especialmente na da década dos setenta.

A protección dos valores naturais das illas iniciase en 1980 cando se declara Parque Natural ao arquipélago das Illas Cíes. Estudos posteriores outórganlle a Cíes o título de zona ZEPA (Zona de Especial Protección para aves) en 1988 e tamén ao arquipélago de Ons en 2001. A visión conxunta de varias zonas costeiras e insulares nesta zona do atlántico derivan na creación, no ano 2002, do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Lei 15/2002 de 1 de xullo), na que se inclúen os arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada.

Problemática patrimonial

Arquipélago das Cíes

Neste arquipélago, e segundo a información consultada, (Vilas et al. 2005; González-Alemparte Fernández 2003) atopáronse restos pertencentes ao paleolítico: un bifaz camposanquiense e un pico raspador, e algunhas poutadas usadas como pesos en artes de pesca. Do neolítico atopáronse muíños de man naviformes, unha talla bifacial, ademais de diversos materiais líticos e cerámicos, posiblemente tamén adscritos a este período cronocultural. Á idade do Ferro pertence o castro das Hortas, cun cuncheiro asociado a esta etapa. Neste espazo documentáronse varias vivendas de base cuadrangular ademais de cerámica de distinta tipoloxía e doutros materiais como fusaiolas, fíbulas e incluso anzois. As evidencias de época romana compóñense de ánforas, materiais latericios de construción como *tégulas* e *ímbrices*, cerámicas e pezas de colar atopados nas illas Faro e Sur, e un singular anel na zona de Muxieiro (Figura 7).

A principios da Idade Media parecen vincularse varias construcións relixiosas que co tempo serían modificadas. O mosteiro ou convento de Santo Estevo, na illa do Medio ou do Faro: de planta rectangular, dous alturas, realizado en granito con cuberta a dúas augas. Conserva na base os alicerces orixinais sobre a rocha ademais de varios sepulcros antropomorfos correspondente a unha etapa máis antiga ademais de restos óseos de mulleres e homes. Ademais, na illa Sur documentouse un eremitorio con templete.

Na illa de San Martiño ou illa Sur, atópanse as ruínas dunha fábrica de salgadura, así como los alicerces dunha segunda, na illa Norte ou de Monteagudo, nun actual restaurante.

Foron atopados varios pecios nas augas das illas Cíes: áncoras líticas de época prehistórica así como tamén o mítico O Santo Cristo de Maracaibo, galeón español que se afundiu próximo a illa Sur, tras a batalla de Rande, submarinos alemáns da Segunda Guerra Mundial abatidos polas fragatas aliadas, etc. No extremo N da illa Sur hai unha cruz en memoria do naufraxio do "Ave del Mar", a causa dun temporal, no que morreron os seus 26 tripulantes.

Ademais atopamos os restos dunha paisaxe tradicional fosilizada conformada por pequenas granxas autárquicas concentradas en diversos puntos das Cíes, a vivenda familiar con forno ademais dos distintos espazos destinados a gardar o gando. Para dar servizo a estes poboadores existían dúas ferrerías ou forxas: construcións con forno de pedra e subministro de auga localizadas unha na illa N e outra na S, ademais dun muíño hidráulico e outro de vento.

Arquipélago de Ons

Para os primeiros momentos de ocupación na illa de Ons, e segundo a bibliografía consultada, hai evidencias do Paleolítico-Epipaleolítico (11000-5000 a.C.) ao que seica poderían pertencer un raspador de gneis e unha peza trapezoidal de granito tallado (Vilas *et al* 2005), materiais líticos de especial relevancia, pero dos que se descoñece o seu lugar de procedencia, o seu contexto arqueolóxico e tamén o seu depósito.

Para o Neolítico (c. 4750-2600 a.C.), Xurxo Lourenzo, no seu Diario Arqueolóxico (1934), di que na súa corta viaxe pola illa tiveron noticias de mámoas e de "camiños cubertos" aínda que non puideron ser comprobados. Álvaro das Casas (1934) tamén fala de presuntas mámoas e de ósos humanos descubertos en paraxes distantes do actual cemiterio. Á Idade do Bronce (2600-900 a.C.) pertencerían dous machados de talón que, ao igual que o material anterior, tamén están descontextualizados (Vilas et al 2005: 149); un deles está no Museo Arqueolóxico de Pontevedra e o outro está desaparecido.

Á Idade do Ferro pertence o castro denominado "Castelo dos Mouros" situado no Alto de Altura (97 m sobre o nivel do mar). Descríbese coma un recinto cun antecastro separado por un foso. Aquí atópase "A Cova dos Mouros", lugar que aglutina moitas das lendas da illa. Tamén, pola bibliografía consultada, hai referencias dun posible segundo castro situado na zona NE da illa en "Cova da Loba" e na que, se-

 © CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

gundo as fontes, apareceron restos de materiais cerámicos e concheiros. Xurxo Lourenzo dálle o nome de "Coto da Coba do Lobo" e di que ten tradición da existencia de vivendas considerándoo, por outra banda, como o máis interesante da illa. Porén, nas prospeccións arqueolóxicas feitas recentemente non se atopou ningunha evidencia nesta zona[2].

Pola contra, documentáronse evidencias de ocupación romana na zona SE da illa. Aínda que a escaseza de datos non o permita concretar, as estruturas documentadas poderían estar asociadas a unha explotación de recursos mariños situada sobre o cantil de Canexol, posiblemente cunha factoría de salgadura (Ballesteros-Arias 2009) (Figura 8).

Á época medieval pertence "A Laxe do Crego", sepulcro antropomorfo escavado nunha das rochas máis destacadas da praia de Area dos Cans e á que se accede só en baixa mar. A esta época tamén se vinculan dúas fortificacións, unha coñecida como "Castelo da Roda" en Curro, e unha segunda situada no barrio de Pereiró.

Nesta illa hai unha paisaxe tradicional viva na que ademais das vivendas e construcións adxectivas pódese vincular unha paisaxe agraria, gandeira e pesqueira parcialmente en uso.

Arquipélago de Sálvora

Na prospección feita na illa de Sálvora en 2008, foron localizados varios xacementos e materiais arqueolóxicos en superficie, así como varios elementos arquitectónicos de diversa índole (Bonilla 2008: 330-331).

No Areal dos Bois, ao leste da illa, foi localizado un xacemento romano de adscrición cronolóxica romana e de tipoloxía indeterminada. Este xacemento está situado nun socalco no linde S da praia en dirección E-W, entre o areal e a antiga zona de pasto. Semella selar os restos dunha posible estrutura de cachotería de granito e o seu derrube. Nesta zona aparecen materiais latericios de construción de época romana, ademais de restos de ánfora (Figura 9).

Documentáronse enterramentos de náufragos na contorna da praia do Almacén de época contemporánea, ademais dun achado romano neste mesmo areal. Nesta illa atopase o Pazo de Sálvora, dúas pontes (a ponte da telleira e a ponte da aldea), unha telleira tradicional, un cruceiro, un lavadoiro, seis hórreos, dous muíños hidráulicos, un camiño tradicional (o camiño á aldea de Sálvora dende o pazo), un curro (Curro das Cabras) e dous faros (o Faro Vello e o Faro Novo) ademais do peirao. Varios destes elementos forman parte dos dous conxuntos arquitectónicos existentes na illa: O do Pazo ou tamén chamado Almacén, e o conxunto tradicional da aldea de Sálvora (Figura 10).

Arquipélago de Cortegada

Neste arquipélago, por falta de traballos de prospección sistemáticos, non se atoparon evidencias de época prehistórica nin castrexa. Pero si existen referencias de achados de época romana. Os romanos chamárona "Corticata" e varias ánforas foron atopadas no entorno da illa.

Tampouco se coñecen vestixios de época posterior ata xa chegar ao século IX, na Idade Media, na que consta que o rei vixente, Afonso II O Casto, fixo doazón deste territorio á igrexa, onde se construíu un santuario. Parece ser que nos séculos XIV e XV, cando Galicia estaba asolada pola peste negra, o Santuario de Cortegada foi motivo de grandes peregrinacións (Figura 11).

[2] Os resultados deste traballo están recollidos na Memoria Técnica *Estudo arqueolóxico e etnográfico da paisaxe cultural das Illas Ons (Bueu, Pontevedra)*, realizada por Paula Ballesteros-Arias, entregada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia con data de maio de 2010.

Dende 1526 a illa foi aforada pola igrexa e nela construíuse un hospital lazareto. As xentes que se estableceron na illa situaron o poboado preto do peirao, onde a ermida e o hospital[3].

Metodoloxía e Plano de Traballo

Metodoloxía

Estratexias de prospección: conceptos básicos

Os factores que orientarán a estratexia de prospección máis axeitada para un traballo concreto son tres: o **ámbito** (magnitude da área de estudo), a **intensidade** (que pode ser maior ou menor en función da estratexia seleccionada) e o **alcance** (que vén determinado pola conxunción dos dous factores anteriores).

De cara á caracterización das estratexias, un primeiro concepto metodolóxico que utilizaremos será o de intervalo. Entenderemos por tal a distancia que se establece entre os integrantes do equipo e a súa regularidade (se se manteñen equidistantes ou a distancia entre eles varia ostensiblemente).

En segundo lugar, utilizaremos o concepto de **traxectoria**, e entenderemos por tal o sentido e a dirección do equipo de prospección, que pode ser *intencional* ou *sistemática*. No primeiro caso, a dirección do equipo virá dada pola súa intención de dirixirse nun determinado sentido, xeralmente co obxectivo de verificar determinadas entidades percibidas no terreo. No segundo caso, a dirección e o sentido son preestablecidos e manteñen unha regularidade sistemática.

Combinando os distintos conceptos explicados ata o momento é posible distinguir de forma clarificadora en qué aspectos difiren unhas estratexias doutras e, polo tanto, qué características propias presentan. Para a formalización do sistema re-definiremos catro estratexias de prospección: extensiva, intensiva-selectiva, intensiva e de cobertura total.

Na estratexia **extensiva**, o intervalo entre os integrantes do equipo é irrelevante (pode ser moi amplo ou pode ser inexistente) e a traxectoria resulta totalmente dirixida (cara elementos xa documentados ou directamente recoñecibles na paisaxe).

A estratexia **intensiva-selectiva**[4], supón un grao máis de intensidade respecto á extensiva, propiciado por un intervalo amplo (aínda que non é imprescindible a visibilidade entre os integrantes do equipo). A traxectoria é dirixida (cara determinados elementos da paisaxe con posibilidades de ser ou albergar xacementos de natureza visible).

Na prospección **intensiva**, o intervalo é restrinxido, xa que é imprescindible a intervisibilidade entre os integrantes do equipo ou, cando menos, o contacto permanente, non deixando unha separación superior a 30 m entre eles. A traxectoria, neste caso, deberá ser sistemática (non dirixida nin orientada a elementos perceptibles, senón regular) para abarcar visualmente a totalidade da superficie prospectada.

A estratexia de **cobertura total** implica o máximo alcance, e céntrase naquelas áreas desprovistas de vexetación. O intervalo é moi restrinxido ou inexistente, a traxectoria pode

[3] Esta información foi recollida na páxina web do Ministerio de Medio Ambiente: http://reddeparquesnacionales.mma.es/parques/cies/historia_cortegada.htm.

[4] O termo "intensiva-selectiva" foi acuñado por Méndez, F.; González, M. e Amado, X. 1993. Control arqueológico del Oleoducto Coruña-Vigo. Fase I: Trabajos previos y superficiales. En *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*, Vigo.

 © CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

ser sistemática ou dirixida pero, dada a su alta intensidade, optar pola primeira supón un aumento considerable na inversión de tempo e recursos.

As estratexias máis empregadas van ser a extensiva e a intensiva-selectiva, a primeira dela será usada cando vaiamos documentar con GPS as entidades xa coñecidas, e a estratexia intensiva-selectiva nas zonas susceptibles de albergar restos arqueolóxicos pola súas características, pero tamén haberá casos concretos en que poidamos empregar unha estratexia intensiva ou incluso de cobertura total. Nestes casos haberá que ter en conta que nalgunhas zonas dita prospección pode verse limitada polas condicións da vexetación que, en ocasións, pode impedir o desenvolvemento satisfactorio dos traballos, en todo caso tratarase de minimizar o impacto deste condicionante.

Para o rexistro das entidades documentadas utilizáronse os conceptos de "entidade cultural", "xacemento arqueolóxico", "conxunto de materiais" e "puntos con material arqueolóxico":

- **Entidade cultural**: refírese, de forma xenérica, a todo vestixio de tipo arqueolóxico, histórico ou etnográfico. Este concepto foi integrado como ferramenta metodolóxica co fin de responder de xeito uniforme á documentación interdisciplinaria dos distintos tipos de elementos que integran o rexistro dentro do proxecto "Procesos de Formación e Cambio da Paisaxe Cultural do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia" (ref. HAR2010-22004).
- **Xacemento arqueolóxico, Conxunto de materiais e Puntos con material arqueolóxico**: refírense as categorías de rexistro empregadas como metodoloxía habitual do grupo de investigación do Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit-CSIC). Para a súa definición específica remitímonos á publicación de Parcero et al. (1999).

Documentación mediante fotografía e fichas de campo

Durante os traballos de prospección, levarase a cabo unha documentación de mínimos dos xacementos usando as fichas habituais do Laboratorio de Patrimonio (Martínez 1997). Estas fichas afectan a aspectos relacionados coa localización, descrición do xacemento, condicións de emprazamento e estado de conservación.

Porén, en cada caso, tamén documentarase graficamente cada unha das superficies descubertas mediante fotografía dixital. O rexistro fotográfico reflectirá, polo menos, unha vista xeral do xacemento, unha vista do emprazamento e fotografía de algúns detalles dos mesmos cando proceda. Por último, como xa indicamos, tódolos xacementos serán localizados con tecnoloxía GPS.

Descrición das diferentes fases de traballo

Plan de traballo

O traballo organizase en tres fases principais (dúas fases de traballo en gabinete e unha fase de traballo de campo).

Fase 1. Traballo de gabinete

- Elaboración do proxecto de actuación arqueolóxica. Solicitouse á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o correspondente permiso de prospección.
- Análise da documentación dispoñible
- Cartografía existente
- Consulta bibliográfica
- Consulta do Inventario de Xacementos Arqueolóxicos de Galicia da DXPC
- Fotointerpretación a través da fotografía aérea dispoñible

Fase 2. Traballo de campo

- Prospección superficial arqueolóxica da área de traballo.
- Combinou principalmente as estratexias extensiva e intensiva-selectiva, sendo tanto

máis intensiva naquelas áreas onde xa se tiña constancia da súa riqueza arqueolóxica, así como naqueloutras susceptibles de albergar elementos arqueolóxicos até o de agora non documentados. A prospección de carácter intensivo está moi limitada pola vexetación. Así pois, levouse a cabo a prospección superficial, alternando as distintas estratexias anteriormente definidas, en función das características patrimoniais de cada zona.

Fase 3. Traballo de gabinete

- Discusión dos resultados
- Sistematización da información
- Arquivo fotográfico
- Recapitulación e estudo da información recollida en campo.

As saídas de traballo de campo axustáronse, entre outros factores, á propia problemática do Parque Nacional relacionada basicamente coa cría de fauna e flora que afectan en alto grao as prospeccións superficiais xa que nos momentos críticos non se pode acceder a determinados espazos e tendo en conta tamén as condicións meteorolóxicas que poden impedir o acceso ás illas. Igualmente sinalar que en todo momento o equipo de traballo contou coa colaboración do persoal do Parque Nacional tanto na cesión de infraestruturas e desprazamentos ás illas como ao acceso á bibliografía do Parque mais a información relevante para a nosa investigación.

O traballo de campo iniciouse na illa de Sálvora en marzo de 2011 onde invertemos tres días de traballo intensivo contando tamén coa illa de Vionta. A seguinte saída foi a illa de Ons, en abril de 2011, onde se estivo facendo traballo de carácter etnográfico, entrevistando a parte dos seus habitantes co fin de documentar os cambios recentes que sufriu o espazo agrario e o proceso da dinámica de abandono. Posteriormente, tres días de traballo de campo entre maio e xuño de 2011, visitamos a illa de Cortegada, centrándonos especialmente no perímetro intermareal xa que o seu interior non pudo ser completamente prospectado debido á densa vexetación que cubre o entorno. Ás Illas de Malveira Grande e Chica se lles adicou un día de prospección en novembro de 2011. E finalmente, do 20 ao 22 de febreiro de 2012 visitouse de novo a illa de Ons co fin de completar a prospección intensiva da liña de costa orientada ao leste.

Resultados. Inventario das entidades culturais

A continuación facemos referencia as entidades culturais documentadas no proceso do traballo de campo. O inventario está organizado por arquipélagos seguindo o seguinte orden: primeiro descrición dos xacementos localizados *ex novo* e, a continuación, os conxuntos de material arqueolóxico.

De novo, mencionar que o arquipélago de Cíes non foi prospectado por carecer de financiamento suficiente como para desenvolver os traballos propostos.

Entidades documentadas antes do traballo de campo

Un dos traballos da fase I correspondente ao traballo de gabinete consistiu na consulta do Inventario de Xacementos Arqueolóxicos de Galicia da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia documentados nas illas do Parque Nacional, tanto para poder dispoñer dun coñecemento previo do Patrimonio Cultural existente como para proceder a unha planificación máis correcta do traballo de campo. Estes xacementos foron revisados durante o transcurso do traballo de campo véndose ampliada a súa documentación tanto gráfica como cartográfica e descritiva así como a súa situación patrimonial.

A información básica relativa a cada xacemento inventariado pódese ver na Táboa 1 do presente estudo.

Arquipélago de Ons

Illa de Ons

No arquipélago de Ons non foi rexistrado ningún xacemento novo nesta nova campaña de

 © CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

poderían pertencer a estruturas vinculadas a un posible xacemento formando un espazo case circular, o que si é significativo é que a densidade de materiais é superior na superficie comprendida entre elas e que os fragmentos parecen situarse no seu entorno de tal xeito que canto máis te afastas desa zona menor é o número de fragmentos (Figura 22).

Os restos cerámicos atópanse moi fracturados e son de moi pequeno tamaño, as pastas amosan unha predominancia das pastas oxidantes sobre as redutoras aínda que algún fragmentos amosan cocción mixta. Entre a cerámica destacan varios fragmentos de cerámica decorada mediante incisións. Aparece un fragmento de pedra de xisto e outro pequeno de sílex. Nos restos metálicos destaca unha serie de pezas que semellan un botón e unha moeda romana posiblemente do século IV d.C. En termos xerais, a cronoloxía da maior parte do material semella que é de orixe medieval, máis concretamente do século XIII en diante, aínda que os fragmentos con decoracións incisas son de época prehistórica, posiblemente campaniformes (Figura 48, Figura 49, Figura 50 e Figura 58).

(Para máis información dos materiais atopados, ver no catálogo PU110323H01-CM110323H01).

Concheiro do Almacén YA110324H03

Trátase dun concheiro localizado ao N do Pazo e do Areal do Almacén, seguindo a liña de costa, entre uns afloramentos graníticos que sobresaen moi pouco sobre o terreo circundante (Figura 23). Este depósito presenta gran cantidade de cerámica feita a man, nun nivel de terra moi escura e moi pouco compacta. Os materiais apuntan a unha cronoloxía dos séculos X-XI da nosa era. Nel aparecen restos de gasterópodos, bivalvos e vértebras de peixe (Figura 24).

Moi próximo (c. 5m) ó nivel do mar en marea alta; en grandes mareas e, sobre todo, en épocas de temporal o concheiro fica sen dúbida exposto ó golpeo das ondas. Neste senso, o xacemento está moi exposto aos axentes atmosféricos e atopase moi alterado (Figura 51 e Figura 59).

(Para máis información dos materiais atopados, ver no catálogo PU110324H03-CM110324H03).

Abrigo de Punta Figueiriño YA110325H01

Abrigo que aproveita o oco dun gran bolo granítico en Punta Figueiriño. A abertura do mesmo está orientada cara o S-SE e a vista se abre á parte W da Península de O Grove e ó Arquipélago das Ons. A altura actual entre o chan e a rocha permítenos manter erguidos no interior do abrigo (Figura 25).

Destaca a presenza dunha serie de pedras traballadas e aliñadas que posiblemente formaran parte dun muro de peche do abrigo ou de algún tipo de estrutura delimitadora ou protectora do que poderiamos denominar espazo interior. No interior do abrigo localizáronse en superficie fragmentos de ferro e fragmentos de cerámica realizadas a torno, unha delas un posible fragmento de ánfora romana. Na parte N do bolo granítico tamén se atoparon abundantes restos de ferramentas de ferro (Figura 26).

(Para máis información, ver no catálogo PU110325H01-CM110325H01).

Alto de Milreu YA110324H04

O Alto de Milreu é unha elevación que acada os 37 m de altura situada ao N da Aldea de Sálvora, xusto ao S do Areal dos Bois cuxa duna acada a base de dito alto. A pesar da súa escasa elevación compre sinalar que é a zona máis elevada da parte N da illa, así pois dende o punto máis elevado do mesmo tense un control visual total do N da illa, exceptuando os areais de Lagos e de Punta da Volta, e da costa E de Sálvora ata o peirao (Figura 27). Está formado por afloramentos e bolos graníticos de gran tamaño, algunhas destas rochas amosan restos de ter sido aproveitadas para a extracción de material de construción.

Atópanse materiais cerámicos e restos de ferro na superficie do Milreu concentrándose, de xeito significativo, nun pequeno abrigo cu-

 © CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

prospección, aínda que si conxuntos de materiais ben vinculados a xacementos xa inventariados anteriormente ou ben a achados illados. De feito, as entidades arqueolóxicas existentes nesta illa foron rexistradas nunha campaña anterior con data de 2009, no contexto do proxecto "Estudo arqueolóxico e etnográfico da paisaxe cultural das Illas Ons (Bueu, Pontevedra)" (Ballesteros-Arias 2010).

Conxunto de materiais de Castrelo dos Mouros PU120220H05

Trátase dun conxunto de materiais localizado na zona NW do Castrelo dos Mouros (GA36004024), na parte máis alta do mesmo, así como pola zona de acceso dende o camiño que chega ao castro dende o NE. Na zona alta do parapeto as pezas aparecen en relación directa cunha escavación furtiva que ademais destas pezas deixou á vista restos dispersos de cunchas de pequeno tamaño. Na ladeira N algunhas pezas aparecen relacionadas con muros de cachotaría de funcionalidade indeterminada (Figura 12 e Figura 13).

O material está formado por cerámica castrexa moi fragmentada, cerámica de época romana, restos de materiais de construción e *tégulas*, ademais de cunchas de bivalvos e un lítico.

Respecto á peza lítica trátase dunha posible man de muíño. En canto ás pezas cerámicas destacan, varias fragmentos de cerámica indíxena, unha fusaiola de cerámica sen decorar, un fragmento de *sigillata* e fragmentos de *tégula* (Figura 47 e Figura 60).

Burato do Inferno PU120220H01

Achado puntual, localizado en superficie, no entorno inmediato do Burato do Inferno, ao S da illa de Ons. Trátase dun fragmento de cerámica *sigillata* moi rodada (Figura 14).

Camiño de Punta do Castelo PU120220H02

Material localizado en superficie, nun camiño de terra, no punto en que este corta a unha terraza de cultivo. Trátase dun conxunto material formado por catro anacos de cerámica, tres deles de adscrición cultural indeterminada e a restante é un fondo de cerámica romana (Figura 15, Figura 16, Figura 47 e Figura 60).

Zona S do Rego do Castelo PU120220H03

O material localizouse en superficie, ao S do Rego do Castelo, seguindo a liña de costa nun perfil de erosión. Trátase dun fragmento de cerámica vidrada posiblemente moderna (Figura 17 e Figura 18).

Zona N do Areal de Canexol PU120220H04

O material localizouse en superficie, nunha pequena zona de duna no extremo N do Areal de Canexol, entre as primeiras casas do Barrio de Canexol e a liña de costa.

Consta de dous fragmentos de cerámica gris con desgraxante medio de cronoloxía indeterminada. Con este material aparecen numerosas vértebras de peixe (Figura 19).

Areal de Canexol PU120220H06

O material aparece na zona S do xacemento de Canexol (GA36004028) e polo tanto do areal no que se sitúa este (Ballesteros-Arias 2009). Os materiais están formados por tres tixolos de época romana. Foron atopados na superficie do Areal de Canexol no seu extremo S, desprendidos do nivel arqueolóxico que se detecta no perfil de erosión mariña e que forma parte do xacemento romano de Canexol (Figura 20).

Arquipélago de Sálvora

Illa de Sálvora

Areal de Zafra YA110323H01

Trátase dunha dispersión de abundantes materiais cerámicos e de metal localizados en superficie, na parte N da duna anterior ao Areal de Zafra, aproximadamente a 45 m ao NW da desembocadura do pequeno curso de auga que finaliza en dito areal. Sitúase aproximadamente a 390 m ao NW do xacemento de Areal dos Bois (Figura 21).

Na zona de dispersión de materiais obsérvanse unha serie de pedras en superficie que

xa abertura está orientada ao S, unha zona na parte N protexida por dúas grandes rochas (abundantes restos de ferro, Figura 28) e na parte occidental (restos de cerámica de posible orixe romano) e outros que van dende o século XIII até o XVIII. Tamén aparecen restos de vidro e líticos.

En termos xerais o conxunto material formado por 22 pezas. A maior parte son fragmentos cerámicos, entre eles unha peza de *sigillata*, unha asa de ánfora, e varias pezas vidrada. O resto son pequenos fragmentos moi alterados. Varios líticos entre os que se atopan posibles lascas de seixo e dous sílex tallados, e un posible núcleo esgotado de seixo empregado posteriormente como percusor, ademais dun fragmento de posible muíño de material granítico.

Na ladeira SE apréciase unha fiada de pedras careadas que parecen ser os restos dun muro, xunto a eles obsérvanse tamén restos do que podería ser o derrube dese posible muro. Na ladeira SE apréciase unha pequena plataforma chaira que podería tratarse dun aterrazamento do que podería formar parte o posible muro (Figura 60).

(Para máis información ver no catálogo PU110324H04-CM110324H04).

Coído de Salgueiriños PU110325H03

Conxunto de material recollido en superficie, localizado no fondo dun estreito coído na costa S da illa e orientado cara o SW (Figura 29).

Está formado por catro fragmentos dos que tres son líticos e o restante é un anaco de cerámica. En canto aos líticos, trátase de dous cantos de cuarcita, un deles de pequeno tamaño e o outro unha posible lasca de sílex. A cerámica é un anaco do colo dunha botella de xenebra de época contemporánea (Figura 52).

Conxunto de materiais da aldea de Sálvora PU110325H04

Trátase dun achado puntual localizado en superficie, no camiño de terra e entullo que vai dende a aldea de Sálvora cara o Areal dos Bois, en dirección N (Figura 30).

O material está formado por un anaco da base dun cacharro cerámico de cor gris de cronoloxía medieval (Figura 60).

Figueira dos Mortos ou túmulo de Figueiras PU110324H01

Trátase dun conxunto de materiais cerámicos de diversa índole, localizados en superficie, na zona SE da Illa de Sálvora, nunha zona de areal chamada Figueira dos Mortos, situada ao S do camiño que une o peirao co faro, na parte SE da illa (Figura 31). Hai material de orixe romana e un posible fragmento campaniforme. Este lugar correspóndese co lugar denominado "Enterramento dos mortos" GA15073047. (Figura 53 e Figura 58).

Areal dos Bois PU110324H02

Trátase dun conxunto de materiais cerámicos dispersos en superficie, localizados na costa NE de Sálvora, concretamente na zona de duna entre o xacemento arqueolóxico do Areal dos Bois (GA15073047) e e o comezo do Alto de Milreu (Figura 32), nunha zona onde se atopa unha gran cantidade de material cerámico de orixe romana e algunhas pezas de pedra como a moa dun muíño de man circular (Figura 33).

Este conxunto de material está formado por 68 pezas das que 59 fragmentos son cerámicos, 1 lítico, 6 ferros (3 de gran tamaño, 1 botón e 2 puntas), 1 chumbo de pesca e un casco de bala. A maior parte dos fragmentos de cerámica están feitos a torno e os restantes a man. No caso do lítico tratase dunha fusaiola decorada (Figura 54, Figura 55 e Figura 59).

Illa de Vionta

Areal de Vionta YA110325H02

Trátase dun xacemento caracterizado por unha ampla dispersión de materiais en superficie, con presenza de abundantes restos cerámicos ademais dalgún resto de escoura e de metal.

Localízase na zona centro-sur da illa de Vionta, nun área lixeiramente deprimida (Figura 34). Os restos visibilizáronse debido a acción recente dos temporais sobre a parte superior da illa, cuberta na súa maior parte por

sedimento de tipo duna. A acción eólica semella igualmente importante, xa que a duna non está consolidada. A extensión da dispersión visíbel é importante, cubrindo, no momento da descuberta, unha superficie de arredor 1 Ha (Figura 35).

Os materiais están moi fragmentados e presentan un alto grao de rodamento pola acción da auga e do vento (Figura 36). A atribución cronolóxica do conxunto vencéllase a época romana ou á tardopúnica e por outra banda parte dos materias pertencen a unha cronoloxía entre o século XIV e XVIII de orixe andaluza e de funcionalidade para almacenamento e trasporte (Figura 53).

(Para máis información destes materiais ver no catálogo PU110325H02-CM110325H03).

Arquipélago de Cortegada

Illa de Cortegada

Concheiro de Punta Fradiño, YA110325H03

Trátase dun concheiro localizado na costa N da illa, na zona oposta á aldea e ao peirao de Cortegada. Esténdese por toda a punta, sendo especialmente visíbel nos cortes laterais (Figura 37).

Este depósito caracterízase pola presenza de gran cantidade de cuncha, moi fragmentada e compactada. Obsérvase a presenza dun nivel de terra moi escura (orgánica) e moi compacta entre os restos; na zona leste do concheiro a presenza de sedimento é menor e os fragmentos asentan directamente sobre o substrato granítico. Non se observa ningún resto de cultural material. Os restos están moi expostos aos axentes atmosféricos; ademais da presenza do mar, o vento é moi forte nesta parte da illa (Figura 38).

Sobre o concheiro, un fito con data de 23 de xullo de 2010 lembra ó impulsor da ruta marítima xacobea, D. José Luis Sánchez-Agustino López.

Areal de Goriba YA110530H03

Trátase dunha estrutura composta por pequenas laxes visibles no perfil de erosión do areal de Goriba, na costa N da illa de Cortegada. Apréciase rubefacción nelas, o que pode ser indicativo da súa utilización como estrutura de combustión ou posible fogar (Figura 39).

Non se observaron elementos de cultura material no interior da estrutura no momento da descuberta, pero a estrutura aparece asociada a un paleosolo con presenza de microrestos de carbón e algúns fragmentos de cerámica feita a man vinculados á prehistoria recente (Figura 40 e Figura 57).

No entorno inmediato da estrutura obsérvanse os restos do muro perimetral da illa; este muro, cuxa finalidade era moi probablemente conter as terras de cultivo situadas máis preto do mar, aparece hoxe como un mero aliñamento de bloques. A acción do mar destruíu xa varios metros de terreo cara o interior en múltiples puntos da illa.

(Para máis información destes materiais, ver no catálogo PU110530H03-CM110530H03).

Areal de Balouredo PU110530H01

Achado illado atopado en superficie do areal de Balouredo, ao SW da illa. Está formado por un fragmento cerámico, un borde de color beige claro, cunha pasta con desgraxantes finos e moi lavada polo mar e polo tanto moi rodada (Figura 41).

Agro Grande PU110530H02

Trátase dun achado puntual localizado na zona N da illa denominada Agro Grande, na superficie do camiño que rodea a illa seguindo a costa. Está formado por un fragmento cerámico, un borde que amosa na súa parte interior unha cor vermella (Figura 42).

Monte da Torre PU110531H01

O material localízase en superficie, nunha zona chaira situada na parte alta do Monte da Torre. Atopouse en relación aos restos do muíño de vento existentes nese lugar, concretamente, no leito seco dunha pequena charca formada pola auga da choiva (Figura 43).

 © CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Trátase dun conxunto de materiais formado por varios fragmentos cerámicos. Posiblemente se trate de cerámica de cociña pois os fragmentos de panza amosan coloración negra na súa parte externa.

Espiñeiro PU110531H02

O material localizouse en superficie no perfil dun recheo na zona de Espiñeiro, ao E da aldea seguindo a liña de costa polo areal inmediato á mesma. O perfil está creado pola acción erosiva do mar. Moi posiblemente, foi unha zona de traballo agrícola no pasado (Figura 44 e Figura 60).

Areal da aldea de Cortegada PU110531H03

Trátase dun conxunto material cerámico, localizado en superficie no areal situado inmediatamente ao S da aldea de Cortegada, próximo a unhas rochas cunha serie de buratos que poderían ter relación con estruturas de secado de peixe (Figura 45).

Conxunto material formado por 2 fragmentos cerámicos, un fragmento de borde de cerámica pintada posiblemente un fragmento dun "lebrillo" de orixe portugués ou andaluz de finais do século XVIII ou inicios do XIX; e un fragmento dun prato decorado con pintura azul con motivos vexetais que podería tratarse dun fragmento de Sargadelos ou de Pickman.

Illa de Malveira Grande

Malveira Grande PU111007H02

Trátase dun conxunto de material cerámico localizado en superficie, nunha pequena zona do areal na costa da zona leste da illa Malveira Grande (Figura 46). É un conxunto formado por tres fragmentos cerámicos de pasta vermella, un deles é un borde, dous son panzas vidradas moi desgastadas pola acción do mar.

Vulnerabilidade do patrimonio litoral do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia

Introdución

O traballo sobre vulnerabilidade das entidades culturais identificadas no marco do proxecto "Procesos de Formación e Cambio da Paisaxe Cultural do Parque Nacional das Illas *Atlánticas de Galicia" (ref. HAR2010-22004) suscitaba dar unha resposta ó problema da alteración e destrución do patrimonio litoral no Parque Nacional. Este traballo baseábase na experiencia adquirida desde o ano 2006 no contexto do W de Francia polos responsables deste apartado do proxecto, E. López-Romero e M.-Y. Daire. Neste senso, o traballo viuse igualmente beneficiado pola concesión dun proxecto de investigación e cooperación bilateral entre o CSIC e o CNRS para o ano 2011: 2010FR0003, Patrimonio, Arqueoloxía Litoral e vulnerabilidade: unha aproximación interrexional (Bretaña-Galicia). Este segundo proxecto centrábase nunha análise comparativa da realidade do rexistro existente en Galicia e en Bretaña.

O problema da erosión e alteración do litoral é común a varias rexións do planeta. Cada un dos países europeos aborda esta problemática de forma diversa: en función do seu grao de concienciación, das súas ferramentas legais e científicas, ou da súa escala de eficiencia e medios.

Grazas á experiencia previa citada, así como ás competencias en materia de patrimonio cultural e de arqueoloxía do litoral do equipo do proxecto Illas Atlánticas de Galicia, os obxectivos e as fases do traballo estaban perfectamente definidos e planificados desde o momento de inicio dos traballos.

Desenvolvemento do traballo

Os obxectivos da sección sobre vulnerabilidade especificados no proxecto HAR2010-22004 eran de dous tipos:

A. Obxectivos xerais:

- Crear un marco de referencia metodolóxica específico e adaptado ao citado obxecto de estudo.
- Compartir experiencias na xestión e actuación sobre o patrimonio litoral cos colegas franceses do CNRS.

B. Obxectivos concretos:

- Realizar un diagnóstico do patrimonio litoral das illas a partires dos útiles metodolóxicos inicialmente desenvolvidos no W de Francia.
- Contribuír ao coñecemento do grao de vulnerabilidade do devandito patrimonio por medio dunha aproximación multidisciplinar.
- De modo máis abstracto, contribuír a xeneralizar a consideración do Patrimonio dentro dos programas de Xestión Integral das Zonas Costeiras (Integrated Management of Coastal Zones, ICZM).

Estes obxectivos abordáronse por medio dun programa de traballo agrupado en tres fases.

Fase I

- Discusión e valoración conxunta das particularidades das rexións de estudo.
- Delimitación das variables de vulnerabilidade.
- Aplicabilidade da ferramenta de avaliación da vulnerabilidade do patrimonio litoral (Vulnerability Evaluation Form, VEF).

Esta fase iniciouse coa discusión do contexto das illas e coa delimitación das variables de vulnerabilidade do patrimonio litoral. Neste sentido, conveuse que as variables obxecto de estudo podían ser categorizadas en catro grandes grupos: naturais, biolóxicas, antrópicas e de tipo legal. A área que definimos como litoral refírese unicamente aos 100 m desde a liña de costa actual. Como resultado destas decisións decidiuse que a utilización do Formulario de Avaliación da Vulnerabilidade (VEF) ideado para o W de Francia podía ser perfectamente aplicable ao caso das Illas Atlánticas de Galicia. Este formulario parte do principio de que unhas variables reflicten aqueles aspectos que poñen en perigo a integridade dos xacementos (ameazas) e de que, pola contra, outras definen a fortaleza dos xacementos fronte a ese perigo (resistencia). O VEF preséntase así como un formulario que recolle o equilibrio de forzas expresado na fórmula “A – B = C”, sendo “A” os factores de risco, “B” os factores de resistencia e “C” a vulnerabilidade resultante da conxugación das anteriores. Esta formulación parte conceptualmente da filosofía dos Mapas de Risco, nos que o risco aparece definido por tres compoñentes: a poboación (sistema afectable), as ameazas (fenómenos que afectan a esa poboación) e a vulnerabilidade (danos causados polas ameazas sobre a poboación). O rexistro sistemático dos parámetros das ameazas, as características do sistema exposto a esas ameazas e a avaliación da súa vulnerabilidade permiten obter, tras un proceso de recodificación, unha serie de niveis de afectación ou risco. Mentres que no caso os mapas de risco convencionais o obxecto de estudo (sistema afectable) adoita ser unha poboación humana (mapas de risco de inundación, sismicidade, seca, etc.), no noso caso a poboación suxeita a risco ven constituída por un conxunto de xacementos arqueolóxicos.

Así pois, o VEF componse dun listado de 10 variables (proximidade a infraestruturas, proximidade a actividades económicas, tráfico/frecuencia de paso, distancia ao cantil ou fronte de erosión, grao de erosión biolóxica, grao de erosión natural, resistencia dos restos, resistencia do sustrato, protección física, protección legal) que son avaliadas para cada sitio en función da súa proximidade ao xacemento ou do seu grao de intensidade (moi activa, activa, moderadamente activa, débil, case inexistente).

Fase II

- Análise da vulnerabilidade no terreo: aplicación do VEF nas illas do Parque Nacional.
- Tratamento e análise dos resultados do traballo de campo para a obtención dos niveis de vulnerabilidade: conversión do resultado

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

do VEF a valores numéricos (peso ponderado en función da intensidade da variable).

- Integración e análise dos valores de vulnerabilidade.

O traballo de campo iniciouse nas illas de Sálvora e Vionta en marzo de 2011. O obxectivo desta primeira saída consistía en realizar unha prospección detallada das illas, e en especial da súa banda litoral. Neste traballo participaron, Paula Ballesteros-Arias, Alejandro Güimil-Farina e Elías López-Romero. O equipo contou coa colaboración do persoal do Parque Nacional, que nos informou sobre cuestións de ocupación da illa e facilitounos o acceso a bibliografía sobre o Parque. Localizáronse toda unha serie de entidades culturais de distintas épocas e características; malia terse realizado recentemente en Sálvora traballos de prospección por outro equipo, moitas destas entidades eran inéditas. Este feito recalca o interese da perspectiva adoptada (multidisciplinar) e da aposta por prospectar áreas que son xeralmente deixadas de lado (banda litoral e zona intermareal).

Nunha segunda fase do traballo de campo realizouse unha saída ao área de O Grove (Pontevedra) , durante o fin de semana do 28 de maio. Nesta saída, na que formaron parte E. López-Romero e M.-Y. Daire, acompañados de Y. Barcia Vidal, visitouse á península de O Grove e permitiu discutir aspectos como a evolución da paisaxe litoral, o ritmo de deposición de sedimentos pola acción eólica e os puntos de converxencia entre outras áreas do litoral atlántico e este sector do litoral galego. É necesario sinalar que un dos motivos de selección desta zona foi o carácter en orixe insular de O Grove, só unido ao continente por un itsmo de dunas a partires do século XVIII de nosa era. Visitáronse na área varios xacementos arqueolóxicos de distinta natureza, estado de intervención e de preservación: o castro da Lanzada (Sanxenxo), o asentamento de Adro Vello (O Grove) e a fábrica de salgaduras fronte a Praia Lobagueira. Malia estar fora do Parque Nacional, aplicouse o Formulario de Avaliación da Vulnerabilidade (VEF) a varios destes xacementos a modo de test e como parte do traballo do proxecto 2010FR0003, Patrimonio, Arqueoloxía Litoral e vulnerabilidade: unha aproximación interrexional (Bretaña-Galicia).

Unha terceira parte do traballo de campo desenvolveuse os días 29 e 30 de maio de 2011 na illa de Cortegada. Do mesmo xeito que xa se fixera para Sálvora e Vionta, entre os obxectivos principais da saída atopábanse realizar unha prospección intensiva da banda costeira da illa e analizar as variables que afectaban á vulnerabilidade do patrimonio litoral existente. O equipo contou coa colaboración do persoal do Parque Nacional, que nos orientou tanto en aspectos relativos ao patrimonio da illa como en aspectos relacionados coa vulnerabilidade (episodios erosivos recentes, especies vexetais invasoras, réxime de vento predominante, efectos locais das mareas, etc). Durante o traballo de campo localizáronse varios xacementos inéditos (entre os que cabe destacar un concheiro de época indeterminada e unha estrutura de combustión asociada a un paleosolo posiblemente de época prehistórica), rexistráronse as zonas con signos de erosión máis activa da banda litoral, observouse o estado de conservación dos xacementos e caracterizáronse as variables que afectan á preservación dos mesmos.

Os distintos formularios de campo xerados durante este foron a continuación analizados. Co fin de obter niveis numéricos para as variables estudadas recodificáronse as celdillas do formulario (distancia/intensidade da variable).

O resultado desta recodificación é toda unha serie de valores que poden ser tratados de forma matemática. Todos os VEF foron integrados nunha base de datos de tipo relacional (Microsoft Access) na que se creou unha consulta de xeración de expresións para obter de forma automática a suma dos valores de "A" (ameazas), "B" (resistencia) e "C" (vulnerabilidade) para cada xacemento.

Fase III

- Discusión dos resultados
- Diagnóstico e recomendacións relativas ao estado e conservación do patrimonio estudado

• Publicación e difusión dos resultados

Os resultados obtidos foron altamente satisfactorios. Por unha banda, os equipos implicados tomaron consciencia da realidade do problema da alteración do litoral e o seu patrimonio. Os fenómenos observados, o tipo de rexistro analizado, o impacto humano e os procesos naturais sobre o patrimonio son perfectamente afíns entre as áreas galegas e outras zonas do litoral atlántico europeo. Esta constatación fainos ser optimistas sobre o grado de aplicabilidade da ferramenta VEF, así como da validez da aposta por un modelo baseado no concepto de avaliación do risco (A-B=C).

A diferenza dalgunhas experiencias previas sobre vulnerabilidade en contexto litoral, o feito de que o conxunto das illas implicadas no presente estudo forme parte dunha estrutura como a de Parques Nacionais constitúe un elemento esencial á hora de valorar a vulnerabilidade do seu patrimonio. A incidencia das variables antrópicas é sensiblemente inferior á de rexións como O Grove e A Lanzada (en Galicia) ou como Pénestin e Rhuys (en Bretaña). Isto débese non só á práctica ausencia de infraestruturas e instalacións de lecer e turismo, senón á existencia de figuras de protección legal como as zonas de reserva de aves e flora. No caso das illas do PN as entidades máis sensibles a este tipo de variables son unicamente aquelas que se atopan máis próximas ás áreas de porto, praia e/ou xunto aos camiños habilitados como vías de sendeirismo; é o caso do real do Areal de Zafra, Punta de Zafra[5], Areal dos Bois (Sálvora), e de Canexol (Ons).

No entanto, as características xeomorfolóxicas e naturais desta parte do litoral galego fan que nas entidades culturais analizadas se observen elementos de alteración moi significativos. Os principais axentes de alteración natural identificados no conxunto das illas son: a acción erosiva do mar e a proximidade aos cantís (ou aos perfís de erosión); a acción erosiva do vento; en menor medida, e a presenza de erosión biolóxica. Os casos máis representativos da acción destas variables son o dos vestixios de Punta de Zafra, o do concheiro da Praia do Almacén, o dos restos do muíño de Punta do Muíño (Sálvora), e o de Canexol (Ons). É digno de destacar que o ritmo destas alteracións pode chegar a ser moi rápido, e reflíctese sobre todo na perda de superficie das illas pola acción erosiva do mar (efectos destrutivos das tormentas e subida relativa do nivel do mar). Unha testemuña inequívoca diso é a destrución dalgúns elementos de sinalización marítima cuxa instalación non remonta a máis de 10-15 anos (Figura 61 e Figura 62), ou da inminente caída de especies vexetais de gran porte ante a progresiva desaparición do soporte edáfico (Figura 63).

Como é obvio, e tal e como foi constatado noutras rexións, a propia natureza dalgunhas destas entidades (p.e. concheiros) fan que a resistencia dos vestixios sexa escasa.

Así pois, trala aplicación e estudo das fichas de avaliación podemos dicir que as entidades máis vulnerables dentro do conxunto de datos son os restos de Canexol (vulnerabilidade = 4.20) o concheiros da Praia do Almacén (vulnerabilidade = 3), os restos de Punta de Zafra (vulnerabilidade = 3) e o Areal de Zafra (vulnerabilidade = 2.60). Con a excepción de Canexol (no primeiro nivel de máxima vulnerabilidade) o resto de valores corresponden ao segundo nivel de maior vulnerabilidade (valores entre 1.2 e 3.2) que permite a ferramenta VEF:

- -2.8 a -0.8
- -0.8 a 1.2
- 1.2 a 3.2
- 3.2 a 5.2

A práctica totalidade de entidades analizadas encádranse neste nivel de vulnerabilidade. Só o Pazo de Sálvora e as estruturas de salga-

[5] No conxunto do Areal de Zafra, no lugar denominado como Punta de Zafra, atopamos un perfil de erosión activo con restos de cunchas. Dadas as súas características decidiuse illar Punta de Zafra do Areal de Zafra na análise de vulnerabilidade.

 © CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

dura conservadas no seu interior (vulnerabilidade = –0.20) sitúanse nun nivel inferior de vulnerabilidade. A presenza do signo negativo no cálculo da vulnerabilidade (A–B) non implica que a/s entidade/s en cuestión estea exenta de risco; ou que este valor expresa é, máis ben, que no momento de realizar a observación os factores de resistencia (B) compensa as ameazas (A) ás que esta/s atópase exposta/s.

Considerando as particularidades citadas relativas á protección xurídica das illas como parte do PN, as medidas correctoras que poden propoñerse son na súa maioría relativas á investigación. En efecto, a construción barreiras físicas para delimitar e protexer os vestixios tería pouca utilidade nun contexto no que ou ben a presenza e frecuencia de tránsito humano é escaso na contorna das entidades, ou ben xa existe unha sinalización específica debido á protección da fauna e flora. Doutra banda, a construción de barreiras artificiais para frear a acción erosiva dos axentes naturais demostrouse pouco efectiva ou ata prexudicial en múltiples contextos europeos; ditas barreiras só teñen un interese de protección puntual e a moi curto prazo, habéndose ata observado a aceleración dos procesos erosivos pola acción do mar (p.e. o efecto "rebote" das olas na parte traseira de muros de protección en áreas expostas ás tormentas provoca un efecto de aceleración da erosión, facilitando o fenómeno de escavación por diante e por detrás dos muros. A construción dunha estrutura deste tipo no monumento megalítico descuberto en Gidoiro Areoso (Illa de Arousa, Pontevedra) pode ter este efecto a longo prazo si non se intervén de forma rápida no xacemento (Figura 64 e Figura 65). Esta apreciación é especialmente certa para entidades de pouco porte como pode ser o caso dos concheiros e paleosolos descubertos no noso caso. Posto que a acción erosiva das tormentas, das mareas e da subida relativa do nivel do mar é irreversible, a solución pasa por unha política de "preservación por medio do coñecemento"; isto é, o que propoñemos é proceder a intervencións de tipo escavación ou sondaxe para rexistrar as entidades máis susceptibles de destrución no prazo dos próximos meses ou anos. Neste senso, ademais de valorar o grado de vulnerabilidade de cada unha delas hase de ter en conta o interese científico da intervención en función do carácter cualitativo dos datos que do seu estudo derivaríase. Así, tras valorar estes condicionantes consideramos que as entidades que requiren dunha intervención máis inmediata son, por esta orde, os do concheiro da Praia do Almacén (Sálvora), a estrutura de laxes de Goriba (Cortegada), o Areal de Zafra (Sálvora) e Canexol (Ons).

Como conclusións adicionais do traballo desenvolvido é necesario sinalar que, pese á universalidade da concepción e aplicación da ferramenta no curso do noso traballo, as condicións microrrexionais demostraron xogar un papel relevante na valoración do grado de afectación dos xacementos. O verdadeiro peso destes condicionantes e a súa incidencia na avaliación a nivel interrexional (fachada atlántica europea) da vulnerabilidade necesitan dunha maior investigación.

O estudo dos niveis de vulnerabilidade levounos a unha mellor comprensión do estado dos xacementos nas áreas estudadas. Coñecemos cales son as variables que afectan a cada sitio ou conxuntos de sitios, e temos unha gradación do perigo de destrución dos mesmos (Figura 65). Contamos, así, cunha ferramenta de apoio para a toma de decisións. En base a esta ferramenta e á valoración do interese científico de cada entidade, propuxemos un tipo de intervención concreto para o caso das illas que forman o PN.

Síntese e Valoración dos resultados

A través da consulta do Inventario de bens Culturais de Galicia como a través das prospeccións arqueolóxicas e do estudo da vulnerabilidade podemos ver, en termos xerais, que todas as illas do Parque Nacional pasaron por situacións similares debido á súa relativa proximidade á costa: en todas elas se estableceron, ou polo menos tiveron contacto, os diversos grupos humanos ao longo do tempo nas diferentes etapas cronoculturais da prehistoria e da historia, deixando maior ou menor pegada

nestes territorios insulares. (Ballesteros-Arias et al. e.p.).

Así e ante a falta dun estudo máis pormenorizado do conxunto das entidades culturais documentas no traballo de campo, de prospección arqueolóxica superficial feita nos arquipélagos de Ons, Sálvora e Cortegada dou lugar a localización de varios xacementos arqueolóxicos novos así como tamén de varias zonas con conxuntos de materiais ben como achados illados ben como concentracións de cerámica, líticos ou metal fundamentalmente.

Na illa de Ons , como xa se comentou anteriormente, non se rexistraron novos xacementos pois contamos cunha prospección recente do 2009. Porén, documentáronse seis puntos con material arqueolóxico, dos cales un está asociado ao castro "Castrelo dos Mouros" onde aparece material indíxena e romano, e outro á posible salgadura romana de Canexol onde se recolleu material de construción de orixe romana. O resto dos puntos correspóndense igualmente con material romano e indeterminado. Con respecto a este material romano, a súa localización está algo distante tanto do castro como do Areal de Canexol, un no Buraco do Inferno, polo tanto ao S destes xacementos e outro entre o peirao e Punta do Castelo, ao N. Esta dispersión de material fainos pensar nunha ocupación e uso xeral da illa en época romana, algo co que xa contábamos posto que resulta lóxico pensar que un territorio coma este, de pequenas dimensións, facilmente abordable e cunha idónea situación estratéxica, estea sendo un espazo utilizado na súa totalidade.

En Sálvora rexistráronse cinco xacementos novos e catro puntos con material arqueolóxico. Os xacementos arqueolóxicos son: o Areal de Zafra, no que apareceu cerámica prehistórica e sobre todo material vinculado a etapa altomedieval (s. IV) e medieval (s. XIII). No Concheiro do Almacén, a cerámica que aparece asóciase á época pleno-medieval, aos séculos X-XI. No Abrigo de Punta Figueiriño, zona alta e de ampla visibilidade, ademais de varios anacos de cerámica e de ferro sen determinar, apareceu o que pode ser un anaco de ánfora romana. E, no Alto de Milreu, lugar de ampla visibilidade do entorno da illa así como do mar, atopáronse varios fragmentos de cerámica sen determinar entre os que aparece cerámica romana e medieval ademais de varios líticos sen determinar. Por último, o Areal de Vionta, na illa do mesmo nome, no que ademais de material de época romana aparece material moderno do s. XIV-XVIII, cuxa utilidade se vincula ao almacenamento e transporte de produtos.

No tocante aos puntos con material, destacamos Figueira dos Mortos no que se documentaron fragmentos de material posiblemente prehistórico e tamén romano. Romano tamén é o material recollido no xacemento arqueolóxico do Areal dos Bois, ao SE de Zafra. E no camiño á aldea tradicional de Sálvora apareceu un anaco adscrito a época medieval.

Finalmente, na illa de Cortegada rexistráronse dous xacementos arqueolóxicos: un concheiro en Punta Fradiño, de cronoloxía indeterminada e unha estrutura de combustión ou posible fogar con material da prehistoria recente asociado, no Areal de Goriba, na zona intermareal agora erosionada polo mar e que antigamente formaba parte do espazo de cultivo. O resto das evidencias arqueolóxicas refírense a seis puntos con material cerámico asociado, de cronoloxía indeterminada exceptuando o que apareceu próximo á aldea, en antigas terras de cultivo que se vincula aos séculos XVIII-XIX.

Como síntese e recapitulando o exposto, temos que no conxunto das illas existe un paralelismo, tanto na forma de ocupación como nos períodos cronolóxicos nos que suceden eses procesos, sitios que seguen un patrón de emprazamento similar, orientados cara o interior da rías. Tipolóxicamente resulta evidente a vinculación ao mar: un castro con concheiro, manufacturas de salgadura, concheiros, areais con indicios de ocupación, existencia de lugares de ampla visibilidade do contorno, aldeas tradicionais abandonadas ou en vías de selo, portos naturais, etc. Son lugares ocupados de forma sincrónica en todas as illas dende a prehistoria, pasando pola época castrexa, romana medieval, moderna e contemporánea.

 © CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Deste xeito contamos que estas illas que veñen a conformar uns espazos artificiais construídos ao longo do tempo e cuxa modificación se segue a dar na actualidade.

No caso da vulnerabilidade, as discusións levadas a cabo e a metodoloxía proposta permitiron establecer un protocolo de traballo para avaliar o estado das entidades patrimoniais suxeitas, en contexto litoral, á alteración e destrución froito da presión antrópica, os axentes erosivos naturais, os axentes biolóxicos e os efectos da subida do nivel do mar. Debido á duración do proxecto, a análise por medio do VEF realizouse sobre un número limitado de xacementos. Traballos posteriores deberán estender a aplicación da ferramenta a un maior número de xacementos, así como testar a súa aplicación en novas rexións.

A incidencia das condicións microrrexionais na valoración do grao de afectación dos xacementos necesita dunha maior investigación.

O equívoco introducido pola subxectividade na notación dalgunhas variables foi xa calculado e validado por medio de experiencias previas (Daire et al 2012; López-Romero et al. e.p.). Sería no entanto necesario coñecer con maior profundidade cal é o limiar mínimo de experiencia necesario para garantir que unha persoa acada un nivel óptimo de homoxeneidade na cumprimentación do VEF.

Como perspectiva fundamental para consolidar o método é preciso que os xacementos agora analizados sexan de novo visitados para o seu control e seguimento. Posto que o proceso de estudo da vulnerabilidade pretende ser actualizable e iterativo, esta perspectiva é esencial para permitir o seguimento periódico do estado dos xacementos; conséguese deste xeito unha ferramenta dinámica na que a toma de decisións non se basea unicamente nunha puntuación de vulnerabilidade dada senón tamén na súa evolución ao longo do tempo.

Bibliografía

Ballesteros-Arias, Paula. 2009. O aproveitamento do mar ao longo do tempo. A documentación do xacemento romano de Canexol (Illa de Ons, Bueu). *Cuadernos de Estudios Gallegos* LVI (122): 67-90.

Ballesteros-Arias, Paula. 2010. *Estudo arqueolóxico e etnográfico da paisaxe cultural das Illas Ons (Bueu, Pontevedra)*, Memoria Técnica depositada na DXPC da Xunta de Galicia con data de maio de 2010.

Ballesteros-Arias, Paula, Elías López-Romero, Alejandro Güimil-Fariña e Marie-Yvane Daire. En prensa. "Human occupation and formation of the cultural landscape in Galicia's Atlantic Islands National Park)", en *Ancient maritime communities and the relationship between people and environment along the European Atlantic coasts/ Anciens peuplements littoraux et relations home/milieu sur les côtes de l'Europe atlantique. Actes du Colloque International HOMER 2011*, Vannes *(France), 27 sept. - 1er oct. 2011*. Editado por M.Y. Daire, C. Dupont, A. Baudry, C. Billard, J.M Large., L. Lespez, E. Normand y C. Scarre B.A.R. International Series (British Archaeological Reports): Archaeopress ed.

Ballesteros-Arias, Paula e Yolanda Seoane-Veiga. 2012. Gravados rupestres na Illa de Ons. *Revista Aunios* 17: 57-60.

Blanco Chao, Ramón e Manuela Costa-Casais. 2001. "Influencia de formas y depósitos antiguos en la dinámica litoral: un ejemplo de la costa sur de Pontevedra (Galicia)", en *Actas del XVII Congreso de Geógrafos Españoles*. Editado por Fermín Rodríguez Gutiérrez, pp. 137-140. Oviedo: Universidad de Oviedo.

Bonilla, Andrés. 2008. Prospección arqueolóxica para a recuperación, mantemento e conservación do DPMT da illa de Sálvora, Ribeira (A Coruña). En *Actuacións Arqueolóxicas, ano 2008*. Editado por Xunta de Galicia, pp. 330-31. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura e Deporte.

Daire, Marie-Yvane, López-Romero, Elías, Proust Jean-Noël, Regnauld, Hervé, Pian Soazig and Benheng Shi. 2012. Coastal changes and cultural heritage (1): Assessment of the vulnerability of the coas-

tal heritage in Western France. *Journal of Island and Coastal Archaeology* 7(2): 168-182.

Das Casas, Álvaro. 1934. A illa de Ons. *Nós,* II: 167-181.

González-Alemparte Fernández, Juan Miguel. 2003. *Crónicas históricas de las islas Cíes. (De mitos, ermitaños, piratas y mar por medio)*. Betanzos: Briga Edicións.

González Pérez, César. 1997. *SIA+: Manual del Usuario*. Col. CAPA, nº 3. Santiago de Compostela: Grupo de Investigación en Arqueoloxía da Paisaxe, Universidade de Santiago de Compostela.

López-Romero, Elías, Marie-Yvane Daire, Jean-Noël Proust, Hervé Regnauld e Pian Soazig. En prensa. "Le projet ALERT: une analyse de la vulnérabilité du patrimoine culturel côtier dans l'Ouest de la France et son application à la Galice", en *Ancient maritime communities and the relationship between people and environment along the European Atlantic coasts/ Anciens peuplements littoraux et relations home/milieu sur les côtes de l'Europe atlantique. Actes du Colloque International HOMER 2011*, Vannes *(France), 27 sept. - 1er oct. 2011*. Editado por M.Y. Daire, C. Dupont, A. Baudry, C. Billard, J.M Large., L. Lespez, E. Normand y C. Scarre. B.A.R. International Series (British Archaeological Reports): Archaeopress ed.

Lourenzo Fernández, Xaquín. 1934. Notas do meu diario arqueolóxico. *Nós,* XI: 130.

Martínez-Cortizas, Antonio et Manuela Costa-Casais. 1997. Indicios de variaciones del nivel del mar en la ría de Vigo durante los últimos 3000 años. *Gallaecia* 16: 23-47.

Martínez López, María del Carmen. 1997. *Contribución a un Sistema de Registro de Yacimientos Arqueológicos en Galicia*. Col. CAPA, nº 2. Santiago de Compostela: Grupo de Investigación en Arqueoloxía da Paisaxe, Universidade de Santiago de Compostela.

Méndez, Fidel, González, Matilde e Xesús Amado. 1993. "Control arqueológico del Oleoducto Coruña-Vigo. Fase I: Trabajos previos y superficiales", en *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*, pp 293-296. Vigo.

Parcero-Oubiña, César, Méndez Fernández, Fidel e Rebeca Blanco-Rotea**.** 1999. *El Registro de la Información en Intervenciones Arqueológicas*. Col. CAPA, nº 9. Santiago de Compostela: Grupo de Investigación en Arqueoloxía da Paisaxe, Universidade de Santiago de Compostela.

Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. http://www.parquenacionalillasatlanticas.com/ (consulta 19 de Febreiro, 2013)

Pérez Alberti, Augusto. 1986. *A Xeografía*. Vigo: Galaxia.

Vilas Paz, Ana, Beatriz Gamallo Liste, Jesús Framil Barreiro, Jorge Bomache López, Katya Sanz Ochoa, Marta Lois Silva e Mónica Toubes Porto. 2005. *Guía de visita do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia*. O. A. Parques Nacionales.

Xunta de Galicia. 2010. *Actuacións arqueolóxicas. Ano 2008*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura e Deporte.

 © CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

TÁBOAS

NOME ENTIDADE	NOME ILLA	CÓDIGO DXPC[6]	TIPOLOXÍA	ADSCRICIÓN CULTURAL
Castelo dos Mouros	Ons	GA36004024	Castro	Idade do Ferro
Canexol	Ons	GA36004028	Factoría	Romano
Chan da Pólvora I	Ons	GA36004032	Lugar con representación gráfica. Ar libre	Idade do Bronce
Chan da Pólvora II	Ons	GA36004033	Lugar con representación gráfica. Ar libre.	Indeterminado
Petróglifo de A Laxe	Ons	GA36004034	Lugar con representación gráfica. Ar libre	Indeterminado
Laxe do Crego	Ons	GA36004035	Lugar funerario. Sepulcro	Medieval
Tapa do sepulco da Laxe do Crego	Ons	GA36004A03	Outros. Achados illados	Medieval
Grabado de O Canexol I	Ons	GA36004A04	Lugar con representación gráfica.	Moderno
Grabado de O Canexol II	Ons	GA36004A05	Lugar con representación gráfica	Indeterminado
Punta do Castelo ou Castelo da Roda	Ons	GA36004036	Obra ou edificio público	Medieval/Moderno
Castelo de Pereiró	Ons	GA36004037	Obra ou edificio público	Medieval/Moderno
Praia dos Bois	Sálvora	GA15073046	Indeterminado	Romano
Enterramento 1 de náufragos	Sálvora	GA15073047	Lugar funerario. Fosa	Contemporáneo
Enterramento 2 de náufragos	Sálvora	GA15073048	Lugar funerario. Fosa	Contemporáneo
Achado romano da praia do Almacén	Sálvora	GA15073 ACH-3	Outros. Achados illados	Romano
Fábrica de salazón de Muxieiro	Cíes	GA36057076	Taller. Factoría	Comtemporáneo
Casa e viveiro de langosta	Cíes	GA36057077	Taller. Factoría	Comtemporáneo
Concheiro das instalacións forestais	Cíes	GA36057078	Indeterminado	Indeterminado
Mosteiro, necrópole de S. Estevo	Cíes	GA36057079	Funerario. Fosa. Sarcófago.	Indeterminado. Medieval
Castro das Hortas	Cíes	GA36057080	Abrigo. Castro	Indeterminado. Idade do Ferro
Fábrica de salazón. Conservas	Cíes	GA36057081	Lugar de actividade económica. Taller. Factoría	Comtemporáneo
Abrigo/Eremitorio	Cíes	GA36057082	Asentamento. abrigo	Indeterminado
Muíños de man naviculares	Cíes	GA36057A25	Achádego illado	Indeterminado
Canto bifacial	Cíes	GA36057A26	Indeterminado	Indeterminado
Praia de Figueiras	Cíes	GA36057A27	Indeterminado	Indeterminado
Fragmentos cerámicos	Cíes	GA36057A28	Achádego illado	Indeterminado
Materiais cerámicos	Cíes	GA36057A29	Indeterminado	Indeterminado. Romano. Medieval
Pécio de Cortegada	Cortegada	GA36060015	Pécios	Romano
Xacemento de Malveira Grande	Cortegada	GA36060027	Lugar cultural	Moderno
Xacemento moderno de Cortegada	Cortegada	GA36061036	Villa	Moderno

Táboa 1. Entidades patrimoniais rexistradas antes do traballo de campo. Os datos foron recollidos do Inventario de Xacementos Arqueolóxicos de Galicia da DXPC da Xunta de Galicia.

[6] En tódolos casos a fonte procede do Catálogo de Bens Culturais

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

CATÁLOGO

Xacemento YA110325H03 31
Xacemento YA110530H03 31
Xacemento YA110325H02 32
Xacemento YA110323H01 33
Xacemento YA110324H04 34
Xacemento YA110324H03 34
Xacemento YA110325H01 35
Conxunto de Materiais CM120220H05 35
Conxunto de Materiais CM120220H06 36
Conxunto de Materiais CM120220H01 36
Conxunto de Materiais CM120220H02 36
Conxunto de Materiais CM110325H03 37
Conxunto de Materiais CM110530H01 37
Conxunto de Materiais CM110530H02 37
Conxunto de Materiais CM110530H03 38
Conxunto de Materiais CM110531H01 38
Conxunto de Materiais CM110531H02 38
Conxunto de Materiais CM110531H03 38
Conxunto de Materiais CM111107H02 39
Conxunto de Materiais CM120220H04 39
Conxunto de Materiais CM120220H03 39
Conxunto de Materiais CM110325H04 40
Conxunto de Materiais CM110325H03 40
Conxunto de Materiais CM110323H01 40
Conxunto de Materiais CM110324H01 41
Conxunto de Materiais CM110324H02 41
Conxunto de Materiais CM110324H03 41
Conxunto de Materiais CM110324H04 42
Conxunto de Materiais CM110325H01 42

© CSIC © del autor o autores / Todos los derechos reservados

Xacemento YA110325H03

UTM X: 517.482
UTM Y: 4.718.724
Lonxitude: 08.47.12,56
Latitude: 42.37.14,73
Altitude: 8 m.
Topónimo: Punta Fradiño
Lugar: Illa de Cortegada
Parroquia: O Carril (Santiago)
Concello: Vilagarcía de Arousa
Provincia: Pontevedra
Accesos: Dende o porto de Vilagarcía tómase o barco que se dirixe á Illa de Cortegada. Unha vez que se chegou á Illa, seguir á esquerda o camiño que parte do peirao de Cortegada e que rodea a illa. O elemento localízase na Punta Fradiño, na costa norte da illa, a aproximadamente 980 m do punto de partida seguindo a liña de costa.
Cartografía 1:10.000: 21
Cartografía 1:25.000: I
Cartografía 1:50.000: 152
Tipoloxía: concheiro
ACC: indeterminada
Dimensións: Extensión aproximada de 28x5 m.Superficie aproximada de 205m^2.
Potencia visible arredor de 40 cm.
Descrición: Concheiro con presenza de gran cantidade de cuncha, moi fragmentada e compactada. Predominio de bivalvos (ostra, mexillón...). Obsérvase a presencia dun nivel de terra moi escura (orgánica) e moi compacta entre os restos; na zona leste do concheiro a presencia de sedimento é menor e os fragmentos aséntanse directamente sobre o substrato granítico. Non se observa ningún resto de cultural material.
Localízase na costa norte da illa, na zona oposta á aldea e peirao de Cortegada. Para chegar a el, tomar o camiño que bordea a illa, saíndo dende a aldea cara ó oeste; a uns 980 m atópase, a esquerda e xunto ó mar, a Punta Fradiño. O concheiro esténdese por toda a punta, sendo especialmente visíbel nos cortes laterais.
Moi próximo ó nivel do mar en marea alta; en grandes mareas e, sobre todo, en épocas de temporal o concheiro fica posiblemente exposto ó golpeo das ondas. Por isto mesmo, os restos están moi expostos aos axentes atmosféricos; ademais da presencia do mar, o vento é moi forte nesta parte da illa.
Sobre o concheiro un fito con data de 23 de xullo de 2010 lembra ó impulsor da ruta marítima xacobea (D. José Luis Sánchez-Agustino López).
A finais do ano 2003 representantes das confrarías de pescadores da ría de Arousa acordaron abrir unha nova zona nos bancos de libre marisqueo do río Ulla, e acudiron a faenar fronte a punta Fradiño. O motivo, segundo explicara o responsable do pósito rianxeiro, Baltasar Rodríguez, debeuse a que había bastante marisco y en óptimas condiciones para a súa comercialización (La Voz de Galicia, Barbanza, 28 de novembro de 2003).

Entorno e Emprazamento

Data: 30-05-2011
Relevo: A illa de Cortegada ten unha contorna alongada, cunha orientación xeral suroeste (Punta de Balouredo) - nordés (Punta Corveiro). O relevo é baixo, sendo a súa cota máxima de 22 m.s.n.m. A súa superficie é de 54 hectáreas. Case todo o perímetro da illa é zona rochosa; porén destaca a forte sedimentación que se produce entre a illa e o continente, e que afecta a toda a zona NE-S. Esta sedimentación foi aproveitada polos habitantes dende polo menos a primeira metade do século XX para o marisqueo e explotación de moluscos. A oeste da illa obsérvanse as illas Malveiras (Malveira Grande, o de Sao Bartolome, e Malveira Chica, de los Ratones) ademais de outros illotes de menor tamaño.
Vexetación puntual: A illa é conhecida por ter o maior bosque de loureiro de Europa, *Laurus nobilis L.*; presenta tamén unha importante colonia de *Pinus pinaster*.

Situación Patrimonial

Data: 30-05-2011
Estado de conservación: Na actualidade este xacemento atópase alterado por axentes naturais dada a súa proximidade ao nivel do mar, así como pola acción do vento - moi forte nesta parte da illa -. Punta Fradiño presenta vexetación baixa de herbáceas, así como algunha árbore na súa zona sur. A presencia de un fito con data de 23 de xullo de 2010 - que lembra ó impulsor da ruta marítima xacobea (D. José Luis Sánchez-Agustino López) - non parece ter alterado máis que superficialmente un sector do lugar.
Grao de alteración: alterado
Causas de alteración: axentes naturais, axentes antrópicos

Xacemento YA110530H03

UTM X: 517.938
UTM Y: 4.718.855
Lonxitude: 8.46.52,55
Latitude: 42.37.18,94
Altitude: 3m
Topónimo: Areal de Goriba
Lugar: Illa de Cortegada
Parroquia: O Carril (Santiago)
Concello: Vilagarcía de Arousa
Provincia: Pontevedra
Accesos: Dende o porto de Vilagarcía tómase o barco que se dirixe á Illa de Cortegada. Unha vez que se chegou á Illa, seguir á dereita o camiño que parte do peirao de Cortegada e que rodea a illa. O elemento localizase no areal de Goriba, na costa nordés da illa, a aproximadamente 1,2 Km do punto de partida seguindo a liña de costa.
Cartografía 1:10.000: 21
Cartografía 1:25.000: I
Cartografía 1:50.000: 152
Contexto: PU110530H03
Tipoloxía: estrutura de laxes (fogar?)
ACC: indeterminada
Dimensións: Dimensións visíbels 0,65x0,30m.
Descrición: Estrutura de pequenas laxes visible no perfil de erosión do areal de Goriba, na costa norte da illa de Cortegada. Só 4 laxes de c. 20-30 cm de lonxitude afloraban no momento do descubrimento. Apréciase rubefacción nelas, o que pode ser indicativo da súa utilización como estrutura de combustión.
Non se observaron elementos de cultural material no interior da estrutura no momento da descuberta, pero a estrutura aparece asociada a un paleochán con presencia de microrestos de carbón e algúns pequenos fragmentos de cerámica a man. O conxunto material está formado por dez fragmentos dos que seis son cerámicas, dous son líticos e dous bronces. Respecto á cerámica cinco son fragmentos de panza unha delas decorada e outra pertence á inflexión do cacharro e tambén está decorada. Respecto os fragmentos líticos

tratase dun núcleo de cuarzo e un fragmento indeterminado. Os bronces, un ten forma discoidea e outro tubular e aparentemente teñen chumbo na súa aleación, con una forma indeterminada. Podemos plantexar, a modo de hipótese, que a estrutura foi posiblemente construída na Prehistoria Recente.

A potencia do sedimento supraxacente varía entre os 30-45 cm.

No hai apenas sedimento infraxacente, e as estruturas e paleochán sitúanse a moi poucos centímetros do substrato xeolóxico.

Os restos están moi alterados, e corren risco de destrución pela acción do mar, dos animais - obsérvanse tobos no interior mesmo da estrutura e - debido a superficialidade da estrutura - da vexetación.

No entorno inmediato da estrutura observasen os restos do muro perimetral da illa; este muro, coia finalidade era moi probablemente conter as terras de cultivo situadas máis preto do mar, aparece hoxe como un mero aliñamento de bloques. A acción do mar destruíu xa varios metros de terreo cara o interior en múltiples puntos da illa.

